



www.dacoruna.gal

BOPBOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

Mércores, 27 de agosto de 2025 · Miércoles, 27 de agosto de 2025 · Número 162

*O contido mostrado a continuación é unha versión do **BOP oficial**, auténtico e asinado electrónicamente en PDF***ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
DODRO**Traducción automática
Gallego - Castellano*Bases do XXXVIII premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025***ANUNCIO**

Aprobación das bases de participación e da convocatoria do XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do martes 08/08/2025 acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de participación da XXXVIII edición do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que a continuación se transcriben:

"BASES XXXVIII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2025

Coa finalidade de honrar a memoria do ilustre poeta dodrense Eusebio Lorenzo Baleirón e contribuír á promoción da poesía galega, convócase a XXXVIII edición do certame literario de poesía co seu nome.

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto regular, en réxime de concorrencia competitiva, o proceso para a concesión do XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025.

Segunda.- Participantes

Poderán concorrer a este certame todas as persoas maiores de 18 anos que así o desexen, sempre que non foran premiadas nalguna das cinco edicións anteriores do premio e que cumpran os requisitos xerais da Lei 38/2003, xeral de subvencións e os específicos previstos no marco destas bases.

As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Este requisito debe manterse desde a presentación da candidatura ata a resolución do premio, e calquera cambio nesta condición deberá ser comunicado ao órgano de instrución do procedemento.

Terceira.-Dotación do premio

O XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón ten unha dotación económica de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €), que recibirá a persoa autora da obra que resulte gañadora. A dita cantidade, única e indivisible, está suxeita á lexislación fiscal vixente e sobre esta realizaranse as retencións legalmente establecidas.

Ademais, a obra galardoada será publicada, co auspicio do Concello de Dodro, dentro do ano seguinte ao do ditame do premio, nunha editorial de recoñecido prestixio, efectos para os cales o Concello de Dodro se reservará os dereitos de edición durante un prazo de dezaioito meses que se contarán dende a data do dito ditame. A persoa autora recibirá gratuitamente 25 exemplares desta edición.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan corresponder no caso de que a persoa autora da obra galardoada falecese despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

Cuarta.-Candidaturas

As obras que se presenten ao XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón deberán reunir os seguintes requisitos:

- Deberán consistir en obras de poesía escritas en lingua galega, de xeito íntegro ou principal, conforme á normativa oficial vixente.
- Deberán ser traballos orixinais, inéditos na súa totalidade, non premiados noutros certames e que carezan de compromisos de publicación con algunha editorial.
- As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Dodro a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada. De se producir esta situación, procederase á súa exclusión do concurso.
- Os poemarios serán de tema e forma libres. Terán unha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800.
- As obras ostentarán un título e un lema ou pseudónimo da persoa autora.
- Cada candidato/a só poderá presentar un único traballo ao certame.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificaranse mediante declaración responsable na que se manifestará ser a persoa autora e titular de todos os dereitos. En consecuencia, o Concello de Dodro non terá ningunha responsabilidade nas denuncias que se puideran producir por plaxio ou outras eventualidades derivadas dos dereitos de autoría, recaendo sobre a persoa participante todas as accións e, no seu caso, indemnizacións que puideran derivarse do anterior, polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

A participación no certame implica a total aceptación destas bases e, naqueles casos non previstos, atenderase ao que ditamine o xurado.

Quinta.- Forma de presentación das candidaturas

Os poemarios presentaranse en formato dixital, por medio dun lapis de memoria ou CD, acompañados dunha plica ou sobre pechado na que figurarán o título e lema. No interior do sobre pechado incluírase a seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa autora.
- Datos de contacto (endereço postal, teléfono e enderezo de correo electrónico)
- Breve currículo literario.
- Solicitude de participación, debidamente cuberta, conforme ao modelo normalizado que se estableza na convocatoria (Anexo I).
- Declaración de autoría e orixinalidade, titularidade dos dereitos da obra, da condición de atoparse libre de cargas e limitacións de explotación, de cesión dos dereitos da obra, incluídos os de publicación, explotación e distribución por un prazo de dezaioito meses dende a data de concesión do premio (Anexo I)
- Declaración de aceptación das presentes bases (Anexo I).
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social e de non atoparse incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, xeral de subvencións (Anexo II).
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude de participación, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sexta.- Prazo de presentación

Os traballos, coa plica, envíanse por correo postal ao seguinte enderezo, sen indicar a persoa remitente:

XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón

Concello de Dodro

Tallós, 32

15981 Dodro

A Coruña

O prazo de presentación das obras quedará aberto dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará o día 20 de outubro de 2025.

Non se admitirán os traballos entregados presencialmente nin os remitidos fóra de prazo.

Sétima.- Procedemento de instrución

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II da Lei 38/2003, xeral de subvencións, sendo órgano instrutor a Cancellaría de Cultura e Patrimonio.

A valoración dos poemarios corresponderalle a un xurado imparcial designado polo Concello de Dodro. Este xurado actuará en pleno, debendo someterse ao réxime xurídico e de funcionamento que establecen para os órganos colexiados os artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Para os efectos da validez da súa constitución atenderase ao disposto no art. 17 da mesma lei e aos seus membros seralles aplicable o disposto sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 dela.

Tras as deliberacións pertinentes, o xurado formulará a súa proposta de concesión do Premio ao órgano instrutor, quen procederá a solicitar os informes dos servizos municipais para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente e nas presentes bases e a requirirle á persoa premiada para que acredite a súa identidade, achegue certificado de conta bancaria e emende, no seu caso, os defectos ou fallas que se detecten.

Logo de ver todos os informes e pasado o prazo ou cumprido o requirimento, o órgano instrutor formulará a proposta definitiva de concesión do premio en favor da persoa premiada ou, no seu defecto, da persoa candidata coa seguinte maior puntuación segundo a baremación do xurado. Esta proposta será elevada á Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro, que é o órgano competente para resolver, mediante acordo motivado, a concesión do Premio.

Oitava.- Composición do xurado. Deliberación e ditame

O xurado estará integrado por cinco membros, sendo presidente o alcalde da Corporación e secretario o concelleiro de Cultura e Patrimonio, quen actuarán sen voz e sen voto. Os membros restantes, tres vogais, serán persoas de recoñecida obxectividade e competencia no xénero da poesía, así como na crítica literaria. A composición do xurado farase pública, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

As deliberacións do xurado serán secretas.

A acta que conteña avaliación final das candidaturas deberá recoller, como mínimo, o sistema empregado na valoración, a baremación de cada unha das obras participantes (ordenadas de maior a menor puntuación) mediante o sistema previsto e a proposta da premiada.

O xurado terá a facultade de descalificar, dentro do prazo, calquera obra que, por falta de presentación da obra, non se achegue ao xurado, ou por falta de cumprimento dos requisitos establecidos na

O titular terá a facultade de declarar deserto o premio, sexa pola falta de presentación de obras, porque non reúnen os suficientes méritos ou porque non se axustan as condicións establecidas na convocatoria.

A resolución do xurado, que será inapelable, terá lugar na sesión que se leve a cabo, no mes de novembro, na Casa da Cultura de Dodro. O Concello de Dodro resérvase o dereito a cambiar a data se for necesario.

Ao ditame do xurado e á resolución de concesión do premio daráselle difusión por medio do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Novena.- Retirada de obras non premiadas

Os textos non premiados poderán ser retirados na Casa da Cultura do Concello de Dodro no prazo dun mes contado desde a data do ditame do xurado.

Aquelas obras das que non fora solicitada a devolución no prazo indicado serán, debidamente, destruídas, sen que poida admitirse ningún tipo de responsabilidade ou reclamación ao Concello por esa causa.

Décima.- Acto de entrega do Premio

A entrega do premio terá lugar nun acto público, que organizará a este efecto o Concello de Dodro. Será o 13 de decembro de 2025 no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón.

A persoa autora da obra gañadora comprometerase a estar presente tanto no acto de entrega do premio como na presentación da obra e en cantas actuacións promocionais se acorden. Ademais, pola súa mera participación enténdese concedida autorización ao Concello de Dodro para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade, do título da obra, nome e apelidos da persoa premiada ou o seu pseudónimo, así como fotografías e vídeos dela nos actos de entrega de premios ou na participación nas actividades culturais, deportivas, lúdicas etc. derivadas do Premio. Igualmente, e sen prexuízo do disposto na base terceira, deberá ceder gratuitamente, en modalidade non exclusiva, ao Concello de Dodro os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e publicación.

Undécima.- Pagamento

O pagamento do premio metálico farase efectivo mediante unha transferencia bancaria ao número de conta indicado pola persoa gañadora. Neste momento practícaranse as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

A persoa beneficiaria do premio autorizará ao Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de deberes tributarios e coa Seguridade Social.

Duodécima.- Publicidade

Unha vez aprobadas as presentes bases, serán obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remitidas á Base de Datos Nacional de Subvencións, e publicarase un extracto delas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por conduto, o cal conterá como mínimo: 1º) Obxecto, 2º) Dotación do premio, 3º) Persoas beneficiarias, 4º) Candidaturas, 5º) Forma e prazo de presentación das candidaturas, 6º) Publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, 7º) Xurado.

As bases publicaranse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Décimo terceira.- Tratamento de datos persoais

Os datos persoais subministrados polas persoas participantes coa súa solicitude teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O destinatario dos datos e responsable do seu tratamento é o Concello de Dodro, quen non os cederá a terceiros sen permiso da persoa participante, salvo nos casos de obriga legal. Estes datos serán conservados ata a finalización da tramitación do procedemento e, en calquera momento, as persoas titulares poderán acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do seu tratamento ou opoñerse ou retirar o consentimento para esa finalidade, así como solicitar a súa portabilidade. A solicitude, debidamente asinada e acompañada de copia do DNI para verificar a identidade da solicitante, poderá formularse a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.dodro.gal>), por correo electrónico no enderezo info@dodro.gal ou por correo postal ao enderezo Tallós, 32 – 15981 – Dodro (A Coruña). Pode pedir información adicional e formularios para exercer aqueles dereitos no enderezo info@dodro.gal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, o Regulamento xeral de subvencións, a Lei reguladora das bases do réxime local, a Lei de facendas locais, a Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei de réxime xurídico do sector público.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, DECLARACIÓN DE AUTORÍA E ACEPTACIÓN DAS BASES DO XXXVIII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2025

Don/a

con DNI

enderezo postal (a efectos de notificacións)

co número de teléfono móbil e co seguinte enderezo electrónico

ACHEGO: ☐ Copia do DNI ☐ Breve currículo literario

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que desexo participar no XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025

baixo o lema/pseudónimo

coa obra titulada.....

2. Que garanto a autoría e orixinalidade deste traballo, que é inédito na súa totalidade e non foi premiado, total ou parcialmente, noutros certames.

3. Que son titular de todos os dereitos de autoría da obra e que esta se atopa libre de cargas e/ou limitacións aos dereitos de explotación e non mantén compromiso de publicación con ningunha editorial.

4. Que se este traballo resulta premiado, cédolle ao Concello de Dodro os seus dereitos de publicación, edición e difusión nos termos establecidos nas bases.

5. Que acepto incondicionalmente a totalidade destas bases así como o resto da lexislación aplicable.

....., a de..... de 2025

Sinatura:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/a

con DNIe enderezo postal (a efectos de notificacións)

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

· Que teño plena capacidade de obrar para concorrer á convocatoria do XXXVIII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2025.

· Que cumpro coas disposicións das bases do certame.

· Que non me atopo incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, xeral de subvencións.

· Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

· Autorizo o Concello de Dodro a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparme ao corrente dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

· Que acepto o premio que a miña obra puidera recibir, segundo o estipulado nas BASES DO XXXVIII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2025 e que me comprometo a cumprir co disposto nelas.

· Que consinto expresamente o tratamento dos meus datos persoais, que constan na solicitude, para a participación no Premio, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

(Lugar, data e sinatura)"

Dodro, 19 de agosto de 2025

O Alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2025/5553